



Construción do triángulo equilátero e do cadrado a partir dunha circunferencia

Para trazar un triángulo equilátero inscrito nunha circunferencia temos que dividir esta última en tres partes iguais.

- Debuxamos un diámetro da circunferencia, neste caso unha liña vertical que pase polo centro.
- Con centro no punto 2 trazamos un arco que pase polo centro e corte a circunferencia (puntos *A* e *B*).
- Unimos *A*, *B* e 1 entre si dando lugar ao triángulo equilátero.



Para trazar un cadrado inscrito nunha circunferencia temos que dividir esta última en catro partes iguais.

- Debuxamos un diámetro da circunferencia, neste caso unha liña vertical que pase polo centro.
- Utilizando escadro e cartabón, trazamos un diámetro perpendicular ao anterior, neste caso unha liña horizontal que pase polo centro.
- Unimos os catro vértices para obter o cadrado. No exemplo, os puntos obtidos son os catro puntos cadrantes da circunferencia.

